UNHA EXPERIENCIA
DE COIDADO
Correspóndeche escoller a túa!

Bases do Concurso

#EnAsPontesCompartimosCoidados

«Dende o 30 de marzo ata o 25 de maio»



As Pontes de García Rodríguez

8M Día Internacional da Muller

O Concello das Pontes pon en marcha a campaña "Unha experiencia de COIDADO. CORRESPÓNdeche escoller a túa", **con motivo do 8 de marzo.** Con esta campaña búscase sensibilizar e dinamizar á poboación en materia de igualdade, visibilizar e poñer en valor o traballo de coidados, e eliminar roles e estereotipos de xénero tradicionais que atribúen a mulleres e homes tarefas e funcións diferentes no ámbito familiar. O traballo de coidados é imprescindible para o sostemento da vida e, por isto, é importante fomentar un reparto equilibrado das tarefas domésticas e de coidado para acadar fogares máis corresponsables. No marco desta campaña celebrarase o **Concurso #EnAsPontesCompartimosCoidados.**

DESCRICIÓN

O presente sorteo encádrase dentro da campaña de concienciación **"Unha experiencia de COIDADO. CORRESPÓNdeche escoller a túa!"**, **promovida pola Concellería de Benestar Social, Igualdade, Educación e Xuventude do Concello das Pontes de García Rodríguez.**
En concreto trátase dunha actividade para visibilizar e poñer en valor o traballo de coidados, e eliminar roles e estereotipos de xénero tradicionais que atribúen a mulleres e homes tarefas e funcións diferentes no ámbito familiar, polo que as persoas que participen entrarán nun **sorteo de 8 vales canxeables no comercio local valorados en 50 euros cada un (400 € en premios).**

OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE

- Sensibilizar e dinamizar á poboación e ao comercio local en materia de igualdade;
- Visibilizar e poñer en valor o traballo de coidados;
- Eliminar roles e estereotipos de xénero tradicionais que atribúen a mulleres e homes tarefas e funcións diferentes no ámbito familiar.

MECÁNICA DA PROMOCIÓN E REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

1. Poderán participar no sorteo as persoas maiores de idade.
2. Para participar tes que **colocar nunha das fiestras** do teu domicilio (preferiblemente nun lugar visible) **un cartel** impreso ou feito á man que conteña o seguinte slogan: **#EnAsPontesCompartimosCoidados.** Tes a túa disposición ao **final destas bases un exemplo/modelo de cartel** que podes imprimir en tamaño A4 (e se o desexas, tamén decorar ao teu gusto pero o hashtag deberá ser visible).
3. Realiza unha publicación na túa conta persoal de Facebook ou Instagram con **dúas fotografías**: unha fotografía na que se vexa o cartel e outra fotografía na que deas conta de que practicas a corresponsabilidade e compartes os coidados no teu fogar. Etiqueta a **@ConcelloAsPontes** e inclúe o cancelo **#EnAsPontesCompartimosCoidados.**
4. Para dar conta da túa participación, envía a fotografía por **whatsapp** ao número **604 025 160** indicando o teu nome completo e teléfono de contacto.

DATAS DOS SORTEOS E NÚMERO DE PERSOAS GAÑADORAS

- Entre todas as persoas participantes sortearanse 8 vales de 50€ cada un **para gastar no comercio local.**

- Os vales son nominativos co fin de premiar a 8 veciños e veciñas. Cada persoa só poderá obter un único premio.
- Dende o **30 de marzo ata o 25 de maio,** sortéanse 2 vales cada 15 días ante a presencia de persoal municipal responsable da campaña para dar veracidade ao sorteo. As datas dos sorteos son as seguintes:
    - **13 de abril e 27 de abril**
    - **11 de maio e 25 de maio**

- O resultado dos sorteos publicaranse nas redes sociais e na web do Concello e as persoas gañadoras serán contactadas telefonicamente tras cada sorteo para proceder á recollida do vale.
- De non obter resposta por parte das persoas gañadoras nun prazo de 4 días naturais, a contar dende a publicación dos resultados, entenderase por desestimada a aceptación do premio e procederase a realizar un novo sorteo.

ORGANIZADOR

Desenvolvemento Local Galego S.L. (en adiante DELOGA) con enderezo Polígono de Pocomaco, 5ª avenida, nº91 (15190 A Coruña), e provisto co CIF B70292081 , en colaboración co Concello das Pontes, realizará a promoción "#EnAsPontesCompartimosCoidados" (no sucesivo o sorteo), dende o vindeiro día 30 de marzo ata o día 25 de maio de 2021, ambos inclusive.

DELOGA resérvase o dereito á modificación unilateral das datas de inicio e finalización do sorteo así como o dereito a deixar en suspenso ou anular o sorteo se por causas técnicas ou de calquera outra índole alleas á súas vontade non puidese cumprir co normal desenvolvemento do mesmo, en cuxo caso notificarase oportunamente na páxina web do Concello das Pontes (aspontes.org).

ACEPTACIÓN DAS BASES E AUTORIZACIÓN E CESIÓN DE IMAXE E DEREITOS

- A participación neste concurso supón a total aceptación destas bases, así como as modificacións que estas poidan experimentar.
- Os datos de carácter persoal recollidos serán tratados de acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos. O Responsable de Tratamento dos datos persoais é o CONCELLO DAS PONTES, con dirección Parque Municipal, s/n, 15320 AS PONTES (A CORUÑA); contacto: delegadoprotecciondatos@prodasva.org. Estes datos recóllense temporalmente coa finalidade de valorar as candidaturas á convocatoria de premios e empregaranse exclusivamente para o presente concurso (non se comunicarán datos a terceiros, salvo obriga legal).
- Coa participación no concurso autorízase ao Concello Das Pontes e á empresa Desenvolvemento Local Galego S.L. (asistencia técnica contratada para o desenvolvemento da citada campaña e presente concurso) á difusión, comunicación e reprodución das imaxes e fotografías tomadas para o concurso a través da web municipal, redes sociais municipais e diversos medios de comunicación, sen limitación temporal nin xeográfica, nin compensación algunha.
- O Concello das Pontes resérvase o dereito a alterar as bases ou a decidir en calquera caso todo aquilo que non estea previsto nelas.

As Pontes de García Rodríguez

8M Día Internacional da Muller

UNHA EXPERIENCIA DE COIDADO
Correspóndeche escoller a túa!

#EnAsPontes Compartimos Coidados